



## Woodwardia radicans (*Woodwardia radicans*)



**NOME COMÚN**  
Woodwardia radicans  
**NOME CIENTÍFICO**  
*Woodwardia radicans*  
**CLASE**  
Fentos  
**FAMILIA**  
Blechnaceae

### DESCRICIÓN

Fieito perenne, chega a medir ata máis de 2 m, con rizoma grosso, oblicuo, densamente revestido de grandes escamas. Frondes de gran tamaño, de ata 2,5 m, arqueadas, pecíolo glabro, pardo-arroibado, densamente revestido de escamas semellantes ás do rizoma e anegrazado na súa base. Láminas de triangular a ovado-lanceoladas, divididas en numerosos segmentos alternados, longos e estreitos.

Soros oblongos, formando filas paralelas aos nervios; o indusio que recobre os soros é convexo, coriáceo. Os esporanxios están formados por esporas ovoideas, de cor amarela.

### REPRODUCCIÓN

Mediante esporas.

### HÁBITAT

Podemos atopalo en bosques de ribeira, vales costeiros, sombreados e de ambientes húmidos. É unha planta humidícola e acidófila, termófila en certo grao.

### DISTRIBUCIÓN

Entre outros lugares, o norte da península Ibérica, sendo pouco abundante en Galicia (A Coruña).

### ESTADO DE CONSERVACIÓN

Ameazada principalmente pola corta dos bosques de ribeira en que habita.

### CATEGORÍA DE CONSERVACIÓN

*Vulnerábel.*